## *DESENVOLVEMENTO DA LEI 4/2011:*

**Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar**

**(DOG 27/02/2015)**

# ESTRUTURA DO DECRETO

- **(~~Exposición de motivos~~)**
- **Tres TÍTULOS → 56 artigos**
  - ***TÍTULO I. Disposicións xerais***
  - ***TÍTULO II. A convivencia nos centros docentes***
  - ***TÍTULO III. Condutas contrarias á convivencia escolar e a súa corrección***
- *Disposicións adicionais → Nove*
- *Disposicións transitorias → Catro*
- *Disposición derrogatoria → Única*
- *Disposicións derradeiras → Dúas*

# DEFINICIÓN e SIGNIFICADO da...

## CONVIVENCIA ESCOLAR:

A convivencia escolar é a **capacidade** que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de **respecto** mutuo e de **solidariedade** recíproca, expresada na **interrelación** harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

Ten un enfoque **formativo**, ao tratarse dunha **aprendizaxe** enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais, e, a súa vez, é unha **responsabilidade compartida** por toda a comunidade educativa.

# EIXE da CONVIVENCIA

## O PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

**Documento chave no que se articula a convivencia escolar do centro:**

- Liñas xerais do modelo de convivencia a implantar
- Principio de igualdade entre mulleres e homes
- Necesidades con base nun diagnóstico
- Obxectivos específicos
- Normas que regulan a convivencia
- Directrices básicas e actuacións a realizar, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras
- Proxecto de reflexión e pensamento
- Incluído no Proxecto Educativo de cada centro
- Considerará os fins e principios establecidos na Lei 4/2011

# Punto de PARTIDA

## Título I. *Disposicións xerais*

Establece:

- O obxecto do Decreto
- O ámbito de aplicación do Decreto
- Os principios informadores e os fins das normas de convivencia

# Polo tanto recolle:

- O desenvolvemento regulamentario do **réxime xurídico** da convivencia
- Os **procedementos de prevención e corrección das condutas** que afecten á convivencia nos centros docentes
- **Aplicación** a todos os centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da CA de Galicia

# OBXECTO e ÁMBITO do DECRETO

- Desenvolvemento regulamentario do ***réxime xurídico de convivencia*** recoñecido na *lexislación básica do Estado e na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- Desenvolvemento dos ***procedementos de prevención e corrección das condutas*** que afecten á convivencia nos centros docentes.
- Será de ***aplicación*** a todos os centros docentes de niveis **non universitarios *sostidos con fondos públicos*** da Comunidade Autónoma de Galicia, que ofrezan algunha das ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

# PRINCIPIOS INFORMADORES E FINS DA CONVIVENCIA

- **A convivencia nos centros aos que é aplicable este Decreto, deberá ter como referentes xerais, os principios establecidos por:**
  - A Constitución española, e as leis orgánicas que a desenvolvan (LODE, LOE, LOMCE outras non educativas)
  - O Estatuto de autonomía de Galicia, e a lexislación que emana deste, especial a:
    - ***Lei 4/2011 (principios e fins art. 3 Lei)***
  - A Declaración Universal dos Dereitos Humanos
  - Os tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España.

# Núcleo do DECRETO

- **Título II.** ***A convivencia nos centros docentes***
  - CAPÍTULO I. Axentes responsables da convivencia
  - CAPÍTULO II. Documentos e recursos complementarios sobre convivencia escolar

# AXENTES responsables

- **CAPÍTULO I. Axentes responsables da convivencia**
  - A comunidade educativa
  - O Consello Escolar
  - A Comisión de convivencia
  - O Claustro de profesores
  - O equipo directivo
  - Órganos de coordinación docente
  - Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia

# AXENTES/ÓRGANOS destacados

- Créase o ***Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia*** como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa, no que se refire a convivencia escolar.
- Potenciase a labor da ***Comisión de convivencia***, no seo do Consello Escolar, como órgano responsable da convivencia no centro educativo. **Integrantes** diferentes estamentos.
- De acordo co compromiso de **austeridade** do goberno galego e os principios de sostibilidade financeira e **xestión racional dos recursos públicos** e co fin de **evitar estruturas organizativas duplicadas** ou órganos que exerzan competencias moi similares.
- Axústanse á **realidade** dos centros educativos.
- Poténciase a **autonomía de xestión** dos centros educativos.

# Documentos CHAVE do centro

- **CAPÍTULO II. Documentos e recursos complementarios sobre a convivencia escolar**
  - ***Sección 1ª.*** *Plan de convivencia*
  - ***Sección 2ª.*** *As normas de organización e funcionamento (NOF) e as normas de convivencia*
  - ***Sección 3ª.*** *Actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia nos centros docentes*

# EIXE principal no centro: O PLAN DE CONVIVENCIA

## Estrutura e elaboración:

- Sensibilización da comunidade educativa
- Análise ou diagnóstico da situación da convivencia no centro. Previo á elaboración do Plan e a través dunha ferramenta informática.
- Concreción do Plan de convivencia:
  - Obxecto, fins e principios do Plan
  - Obxectivos específicos (derivados da análise previa)
  - **Actuacións, medidas e programas favorecedoras dunha convivencia de calidade**
  - Mecanismos de coordinación e colaboración
  - Procesos de seguimento, avaliación, difusión e mellora do Plan de convivencia

# ACTUACIÓNS, PROGRAMAS E MEDIDAS PREVENTIVAS E REEDUCADORAS

## Destacar na organización xeral:

- Elaboración das **Normas de convivencia** do centro e das **NOF**.
- Regulación da tipificación das **condutas contrarias á convivencia** e da súa corrección
- Creación e funcionamento de:
  - Comisión de convivencia
  - Aula de convivencia inclusiva
  - Escola de nais e pais
- **Protocolos**: Acoso escolar e ciberacoso, Mediación, Procedemento conciliado
- **Programas específicos**: habilidades e competencias sociais

# MÁIS CONVIVENCIA EN...

- **CAPÍTULO II. Documentos e recursos complementarios sobre convivencia escolar**

  ***Sección 2ª - As normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia***

  Pautas para a elaboración, aplicación, difusión e seguimento das:

  - Normas de organización e funcionamento (**NOF**).
  - Normas de convivencia.

# MÁIS CONVIVENCIA EN…

***Sección 3ª - Actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia nos centros docentes***

- **Actuacións fixas** e concretadas anualmente:
  - **Preventivas** e para a **detección** da conflitivade.
  - **Formativas** en materia de convivencia escolar.
- **Programas e recursos** relacionados coa mellora da convivencia no centro: habilidades e competencias sociais DO
- **Aspectos básicos de**: Aula de convivencia inclusiva, Mediación escolar e Escolas de nais e pais
- **Protocolos**, documentos e actuacións complementarias
- **Difusión** das actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia escolar e **seguimento e avaliación** destes

# ACTUACIÓNS, PROGRAMAS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

**Actuacións *preventivas* e para a detección da conflitividade**: As que contribúan a detección e xestión da conflitividade. Incluídas no Plan de convivencia. Como mínimo *Actividades:*

- ***De acollida*** alumnado/familias novos: facilitar coñecemento normas convivencia, dereitos e deberes, correccións ou medidas reeducadoras.
- ***De sensibilización:*** fronte casos de acoso, na igualdade entre homes/mulleres previr violencia de xénero, na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- ***Medidas de carácter organizativo***: vixilancia de espazos e de tempos considerados de risco (recreos, entradas e saídas do centro, cambios de clase nos corredores…)

# ACTUACIÓNS, PROGRAMAS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

## Actuacións *formativas* en materia de convivencia escolar

- ***Actuacións formativas dos distintos membros da comunidade educativa, especialmente***: favorezan convivencia no centro, igualdade homes/mulleres, resolución pacífica conflitos en todos os ámbitos.
- ***Plan de convivencia do centro:*** Recollerá as actuacións formativas da comunidade educativa. Posibilidade de actuacións conxuntas.
- ***Plans anuais de formación permanente do profesorado***: incluirán especificamente educación para a cultura da paz, a igualdade mulleres/homes, sensibilización non discriminación calquera causa e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida (persoal,familiar e social)

# ACTUACIÓNS, PROGRAMAS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

## Programas e recursos educativos:

- ***Proxectos de innovación e investigación educativa relacionados coa convivencia***: potenciación e divulgación na web da Consellería, dos de maior calidade e aplicabilidade aos centros. Boas prácticas
- ***Materiais e recursos didácticos a disposición dos centros para***: potenciar valores da cultura da paz, prevención da violencia, sensibilización na non discriminación, educación emocional, mellora da convivencia e resolución pacífica de conflitos.

## Medidas *complementarias*:

- ***Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais:*** elaborado e desenvolvido polo DO, dirixido ao alumnado reiterativo nas condutas disruptivas. Un ***programa de HHeCCSS específico*** para o alumnado privado dereito asistencia centro (aula CI) coordinarse DO/profesorado.
- ***Outros programas***: autoconcepto e autoestima, xestión pacífica conflitos, dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual, igualdade mulleres/homes

# ACTUACIÓNS, PROGRAMAS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

- **Aula de convivencia inclusiva**
- **Mediación escolar**
- **Escola de nais e pais.** Compromisos familias.
- **Protocolos de actuación e documentos**
  - ***Modelos normalizados*** para a tramitación dos procedementos de corrección de condutas contrarias á convivencia ou outros procedementos en materia de convivencia.
- **Máis actuacións complementarias (Admón.E)**:
  - ***Campañas de información e sensibilización***: colaboración e coordinación con outras entidades, organismos, institucións públicas/privadas e medios de comunicación.
  - ***Organización***: xornadas técnicas, espazos reflexión, discusión e posta en común aspectos en relación convivencia
  - ***Asesoramento*** para elaboración e seguimento Plan convivencia do centro (entendo fundamental/ Inspec. Ed.)

# Cando se faga necesaria a CORRECCIÓN de CONDUTAS...

- ***Título III.*** ***Condutas contrarias á convivencia escolar e a súa corrección***
  - CAPÍTULO I. Principios xerais
  - CAPÍTULO II. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e a súa corrección
  - CAPÍTULO III. Condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección
  - CAPÍTULO IV. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

# Aspectos xerais das CONDUTAS e das CORRECCIÓNS

- **CAPÍTULO I. Principios xerais**
  - Principios xerais
  - Clases de condutas contrarias á convivencia
  - Gradación das medidas correctoras
  - Reparación de danos causados
  - Ámbito de corrección
  - Aspectos formais dos procedementos correctores

# Aspectos xerais das CONDUTAS e das CORRECCIÓNS

- Especial **énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia** mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu Plan de convivencia.
- **Procesos de corrección** das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman **parte do seu proceso educativo**.
- **Requisitos** das correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia. =>

# Aspectos xerais das CONDUTAS e das CORRECCIÓNS

- **Requisitos** das correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia:
  - Ter carácter **educativo e recuperador**.
  - Garantir o **respecto dos dereitos** de todo o alumnado e procurar a **mellora da convivencia** no centro docente.
  - Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o **cumprimento dos seus deberes** e **mellore as súas relacións con todos** os membros da comunidade escolar e **se integre** no centro educativo.
  - Ser **proporcionais á gravidade da conduta** corrixida.

# Aspectos xerais das CONDUTAS e das CORRECCIÓNS

- **Estratexias habituais e preferentes para a resolución dos conflitos**: o **diálogo** e a **conciliación.**
- **Asistencia e orientación psicopedagóxica:** ás vítimas e ás persoas agresoras, casos necesarios.
- **Garantías á vítima de situacións de acoso escolar:** **protección** da integridade e dignidade persoais (medidas cautelares), **dereito á educación**, debendo **primar** sempre o **interese da vítima** sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

# Aspectos xerais das CONDUTAS e das CORRECCIÓNS

- O incumprimento das normas de convivencia será **valorado antes da imposición da corrección** tendo presente:
  - a **idade** do alumnado corrixido
  - as **circunstancias** persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido
- Ningunha alumna ou alumno poderá ser **privada/o do exercicio do seu dereito á educación** nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu **dereito á escolaridade**.
- Non poderán impoñerse **correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal** do alumnado.
- **Información puntual as familias** sobre as correccións de condutas que lles afecten (norma+NOF).

# Clase de CONDUTAS contrarias á convivencia

- As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse:
  - **Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.**
  - **Condutas leves contrarias á convivencia.**
- Definición de **acoso escolar** (art.28 Lei 4/2011).
  - Acoso/ciberacoso: consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
  - Condutas que deriven en actos constitutivos de **delito ou falta penal**, poñelo en coñecemento de: Admón.educativa, corpos seguridade, Ministerio Fiscal…sin prexuízo das medidas preventivas centro.

# GRADACIÓN das MEDIDAS correctoras

- Para a **gradación das medidas correctoras** tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:
  - **Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto** da conduta e, de ser o caso, o **cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos** producidos.
  - Existencia de **intencionalidade** ou reiteración nas condutas.
  - **Difusión**, por calquera medio, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
  - **Natureza** dos **prexuízos** causados.
  - Carácter especialmente **vulnerable da vítima** da conduta, (razón de idade, recente incorporación ao centro, calquera outra circunstancia que se considere).

# REPARACIÓN de DANOS causados

- Alumnado está **obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente**, de forma intencionada ou por neglixencia:
  - **ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software,**
  - **aos bens doutros membros da co-munidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.**
- Obrigado a **restituír o subtraído** ou, se non fose posible, a **indemnizar** o seu valor.
- As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán **responsables civís** nos termos previstos pola lexislación vixente.

# REPARACIÓN de DANOS causados

- Condutas tipificadas como **agresións físicas ou morais** deberá repararse o **dano moral** causado mediante:
  - **a presentación de escusas e**
  - **o recoñecemento da responsabilidade dos actos,**
  - **en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos**
  - **de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.**
- Réxime de **responsabilidade e reparación** de danos: <u>compatible</u> coas **correccións disciplinarias** que, de ser o caso, correspondan.

# ÁMBITO DE CORRECCIÓN das condutas contrarias á convivencia esc.

- As que se produzan en **calquera** tipo de actividade que se desenvolva **dentro do recinto** escolar
- Durante a realización de actividades **complementarias e extraescolares** que se desenvolvan **fóra do recinto** escolar
- Durante a prestación dos **servizos de comedor e transporte escolar**
- *Poderán corrixirse:* condutas do alumnado producidas **fóra do recinto escolar** que estean directamente relacionadas coa vida escolar e **afecten a outros membros** da comunidade educativa.

# Aspectos FORMAIS dos PROCEDEMENTOS correctores

- A constatación dos **feitos de condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia: deberá formalizarse **por escrito**, logo da tramitación dos procedementos de corrección.
- **Documento de constatación dos feitos**: elaborado polo profesorado. Consideración, agás proba en contrario, de **acreditación suficiente** destes.
- Documento contará coa **presunción de veracidade** (art.11.2 Lei 4/2001). Pero deberá conter como **mínimo** cunha serie de **datos =>**

# *DATOS MÍNIMOS* DO DOCUMENTO DE FEITOS PARA TER VERACIDADE

- Lugar, data e hora da comisión/omisión que dá lugar ao procedemento.
- Descrición da acción/omisión que determina a incoación do procedemento.
- Norma que se estime infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva.
- Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumno/a incurso/a no procedemento. Se é menor tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
- De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción/omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- Identificación e sinatura: docente elabore o documento

# MÁIS Aspectos FORMAIS dos PROCEDEMENTOS correctores

- **Notificación da incoación do procedemento**: ao alumno/a maior idade ou aos proxenitores se menor. Indicando a **conduta** que o motiva, as **correccións** que puidesen corresponder, e o nome da persoa docente **instrutora**. Tamén comunicación a: Inspección Educativa.
- **Citacións**: por **calquera medio** de comunicación **inmediata** que permita **deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data** (ao alumnado ou aos proxenitores se é menor).

# MÁIS Aspectos FORMAIS dos PROCEDEMENTOS correctores

- **Non impedirá a continuación do proceso de corrección:** a non comparecencia sen causa xustificada ou negativa a recibir comunicacións ou notificacións o alumnado ou proxenitores
- **Obrigación nos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais:** nas audiencias e comparecencias dos proxenitores dos menores.
  - **Desatención reiterada e inxustificada:** comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como **incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade** ou á tutela.
- **Notificación da Resolución do procedemento**: alumnado ou proxenitores se é menor. Prazo máximo de **12 días lectivos** dende coñecemento feitos para incoación do procedemento. Comunicar: **Inspección E.**

# Condutas GRAVEMENTE PREXUDICIAIS…

- **CAPÍTULO II. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e a súa corrección**
  - **TIPIFICACIÓN** das condutas *gravemente prexudiciais* para a convivencia
  - **MEDIDAS CORRECTORAS** das condutas gravemente prexudiciais
    - ***Medida extraordinaria***: a proposta de cambio de centro
    - ***Responsables e aplicación*** das medidas correctoras

# Condutas GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

# para a convivencia

# Condutas LEVES…

- **CAPÍTULO III. Condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección**
  - **TIPIFICACIÓN** das condutas *leves* contrarias á convivencia
  - **MEDIDAS CORRECTORAS** das condutas leves
    - **Responsables e aplicación** das medidas correctoras
    - **Solicitude da revisión e execución** de medidas

# Condutas LEVES CONTRARIAS á convivencia

# CORRECCIÓN das condutas GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

- **CAPÍTULO IV. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**
  - **Procedemento de corrección** das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.
  - Determinación e **inicio** do procedemento corrector. Prazos.
  - **Procedemento conciliado**: desenvolvemento e intervención dun mediador no procedemento conciliado.
  - **Procedemento común**: desenvolvemento. Persoa instrutora.
  - **Resolución** do procedemento corrector, reclamacións e execución de medidas.
  - **Compromisos educativos para a convivencia.**
  - **Prescrición** de condutas e de correccións. Prazos.

# PROCEDEMENTO de CORRECCIÓN das condutas GRAVEMENTE PREX.

- **Corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**: require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante **dous procedementos diferentes**: **conciliado** ou **común**.
- **Procedemento** a utilizar dependendo de:
  - as características concretas da conduta a corrixir
  - as circunstancias en que se produza
  - a idade
  - as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado
  - os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar

# PROCEDEMENTO de CORRECCIÓN das condutas GRAVEMENTE PREX.

- **Dirección do centro**:
  - decide a instrución e o **procedemento** que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
  - informará das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas:
    - **o profesorado titor/a da alumna/o corrixida/o**
    - **e ao Consello Escolar**
- No centro docente quedará **constancia da corrección** das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Finalidade: apreciar a **posible reincidencia** de condutas.

# DETERMINACIÓN do PROCEDEMENTO de corrección

- **Acordar apertura dun período de información previa:**
  - Acorda a Dirección do centro
  - Logo de ter coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos
  - Fins:
    - **coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas nas que se produciu a conduta que se vai corrixir**
    - **oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado**
- **Prazo para estar realizada a información previa**: prazo **máximo de 2 días lectivos** dende que se tivo **coñecemento** dos feitos.

# DETERMINACIÓN do PROCEDEMENTO de corrección

- **A Dirección do centro**:
  - **Analizará e valorará** a conduta producida tendo en conta:
    - como se produciu
    - a idade
    - as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o
    - os seus antecedentes en relación á convivencia escolar
  - **Asesorado, de ser o caso, por:**
    - a persoa que ostente a **xefatura do departamento de orientación** e
    - polo **profesorado titor/a** da alumna ou do alumno á/ao que se vai corrixir

# DETERMINACIÓN do PROCEDEMENTO de corrección

- A Dirección poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes:
  - ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución
  - á vista das repercusións que a conduta puidese ter na convivencia escolar
  - As medidas provisionais poderán consistir en:
    - **cambio temporal** de grupo
    - **suspensión** do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que **non será superior a 3 días lectivos**
  - Determinará o procedemento de corrección máis axeitado para cada caso:
    - á vista das conclusións obtidas na valoración

# DETERMINACIÓN do PROCEDEMENTO de corrección

A Dirección do centro:

- á vista das conclusións obtidas na valoración

- **Determinará o procedemento** de corrección máis axeitado para cada caso
- Propiciará a corrección mediante o **procedemento conciliado** cando concorran as circunstancias necesarias.
- **Intentar no posible**: a conciliación entre alumnado e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

# Priorizar a CONCILIACIÓN…

***Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:***

- **PRIORIZAR o Procedemento conciliado**:
  - Sempre que sexa posible
  - Pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumnado corrixido e da súa familia (voluntaria)
  - Ofrece a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada (reparar dano material/moral)
  - Axuda a consensuar as medidas correctoras
  - Intervención dun mediador
  - Facilita a inmediatez da corrección educativa
- **Casos nos que NON PROCEDE -> *Aplicación do Procedemento común***

# INICIO do Procedemento de Corrección

- A Dirección notificará por escrito:
  - A **conduta** á alumna/o ou proxenitores.
  - Daralles a posibilidade de corrixila mediante o **procedemento conciliado**, se cumpren os requisitos esixidos, informándolle das **peculiaridades e obrigas** deste procedemento.
  - De non proceder a conciliación, notificaráselles a utilización do **procedemento común** para a súa corrección
- Prazo: **3 días lectivos**, contados dende que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección

# INICIO do Procedemento de Corrección

- Caso de **comunicación posibilidade** de corrección da conduta mediante o **procedemento conciliado**:
  - Alumno/a ou proxenitores **comunicarán por escrito** á Dirección do centro a **aceptación ou non deste procedemento**
  - Prazo de comunicar aceptación: **1 día lectivo seguinte á recepción** da notificación
  - **Non comunicación á Dirección no prazo**: aplicará o **procedemento común**

# INICIO do Procedemento de Corrección

- Dirección para calquera procedemento: designa a un **docente como instrutor/a** do procedemento corrector.
- **Profesorado, encomenda, posible instrutor**:
  - que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa
  - que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar (a ser posible)
- **Concretar nas NOF do centro:** os criterios polos que se realizará a designación de instrutor/a.
- A **incoación e a resolución** do procedemento: notificaranse da forma indicada antes.

# INICIO do Procedemento de Corrección

**Funcións da persoa instrutora**:

- Practicar dilixencias pertinentes para:
  - comprobar a conduta do alumnado
  - determinar a súa gravidade
  - determinar o seu grao de responsabilidade
- Custodiar os documentos e efectos da instrución
- Propoñer á Dirección:
  - adopción das medidas provisionais que considere pertinentes
  - as medidas correctoras que se vaian aplicar
  - as medidas educativas reparadoras, se proceden
  - o arquivo das actuacións, se logo das indagacións realizadas estima que non procede corrixir a conduta

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

## Obxectivos do procedemento conciliado:

- Favorecer a **implicación e o compromiso** da alumna corrixida ou do alumno corrixido e da súa familia.
- Ofrecer a posibilidade de que a **persoa agraviada** se sinta **valorada**.
- Axudar a **consensuar** as medidas correctoras.
- Facilitar a **inmediatez** da corrección educativa.

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

- Requisitos para o procedemento conciliado:
  - Por parte da persoa **responsable da conduta** gravemente prexudicial para a convivencia:
    - **Recoñecemento da gravidade** da súa conduta.
    - **Disposición de reparar o dano** material ou moral causado.
    - **Compromiso de cumprimento** das medidas correctoras correspondentes.
  - Cando haxa **outros membros** da comunidade educativa afectados pola conduta:
    - Amosarán **conformidade** de acollerse a este procedemento
  - Require instrución dun procedemento corrector, segundo o **Decreto 8/2015.**

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

- Casos nos que **NON procede** o procedemento conciliado:
  - Apreciación de conduta de especial e notoria **gravidade**.
  - A **persoa agraviada** ou os proxenitores **non comunican** a disposición de acollerse a este procedemento.
  - A **persoa autora** da conduta ou os proxenitores **non comunican** a disposición de acollerse a este procedemento.
  - Xa **se fixo** uso deste procedemento de corrección **durante o mesmo curso escolar** co **mesmo alumnado** para corrixir unha **conduta similar**.

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

- **Características do procedemento conciliado:**
  - Carácter **voluntario** dos participantes.
  - Ten como finalidade a **resolución de conflitos** de convivencia.
  - Esixe o **compromiso do cumprimento** das accións reparadoras.
  - **Suspende o inicio do procedemento disciplinario** de corrección da conduta, que **se retomará** no caso de que a conciliación **sexa infrutuosa**.
  - O **cumprimento das accións reparadoras** dará lugar á **finalización** do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia
  - Formalizado por **escrito**.
  - Incluirá a intervención dunha **persoa instrutora** e a posibilidade dunha persoa mediadora.

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

**Desenvolvemento do procedemento conciliado:**

- *Reunión*
  - Convoca a dirección do centro.
  - Persoas convocadas:
    - Persoa instrutora do procedemento corrector
    - Persoas afectadas
  - Prazo máximo: 1 día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

***Responsabilidades da persoa INSTRUTORA:***

- Recordar aos afectados no proceso que participan e o seu carácter voluntario
- Supón acatar o acordo que se derive da conciliación
- Advertir que as declaracións formarán parte do expediente do procedemento corrector, se non hai conciliación
- Expoñerá e valorará a conduta que é obxecto de corrección.
- Fará fincapé nas consecuencias que tivo para todos a conduta
- Oirá as partes.
- Proporá algunha das medidas correctoras para a conduta.
- Dar quenda de palabra: convocados para manifestar opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realizar as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

- *Outras responsabilidades*
  - **Persoa autora da conduta**:
    - A petición de desculpas será tida en conta como circunstancia que limita a súa responsabilidade á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
  - **Participantes no procedemento**:
    - Deberán acordar a medida correctora que consideren máis axeitada para a conduta do alumnado
    - Se procede, as medidas educativas reparadoras pertinentes

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

- **Intervención dunha persoa mediadora**
  - Na forma que estea **establecido nas NOF** do centro.
  - Non substituirá a persoa instrutora do procedemento.
  - Colaborará coa persoa instrutora do procedemento para **lograr o achegamento** entre as persoas afectadas e o seu **consenso na medida correctora** que se vaia aplicar.
- **Funcións da persoa mediadora no procedemento conciliado:**
  - Contribuír ao proceso de conciliación.
  - Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
  - Apoiar o axeitado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

# PROCEDEMENTO CONCILIADO

- Quedará **constancia escrita** da conformidade coas **medidas correctoras fixadas** por parte da persoa autora da conduta e da persoa agraviada ou dos seus proxenitores ou representantes legais.
- **Acordo consensuado** polas partes: **ratificado** pola persoa que ocupe a dirección do centro.
- **Finalización**: unha vez **obtido o acordo** entre as partes.
- Remate do procedemento conciliado e **continuación do procedemento común**:
  - **Incumprimento** das medidas correctoras acordadas.
  - No caso de que **non se logre o acordo** e, polo tanto, non sexa posible.

# PROCEDEMENTO COMÚN

- Procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia **utilizarase** cando:
  - o alumnado ou os seus proxenitores cando sexa menor de idade opten por el
  - cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado
- O procedemento común **require da instrución dun procedemento corrector**, de acordo co previsto neste decreto.

# DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO COMÚN

- Responsable da tramitación instrutor/a: **docente** do centro.
- **Instrutor/a precisará no expediente**:
  - o tipo de conduta do/a alumno/a
  - a corrección que corresponde (en función de: feitos probados, circunstancias concorrentes e grao de responsabilidade)
- **Prazo para instruír**: disporá de **5 días lectivos** contados a partir da súa designación.
- **Fin da instrución.-** Instrutor/a
  - Formulará a **proposta de resolución**
  - Dará **audiencia** alumno/a ou proxenitores se é menor
  - Convocatoria a unha **comparecencia**: celebrar prazo máximo de **3 días lectivos** a contar a partir da recepción da citación. Comparecencia **poderán acceder a todo o actuado** e do resultado estenderase **acta**.

# PROCEDEMENTO COMÚN

- ***Resolución do procedemento de corrección:***
- **Dirección** dita resolución escrita do procedemento de corrección: logo da proposta do/a instrutor/a.
- **Contidos da Resolución, cando menos**:
  - Feitos probados.
  - Circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade, de ser o caso
  - Medidas correctoras a aplicar.
  - Posibilidade de solicitar ante o Consello Escolar a **revisión da medida correctora** imposta: **prazo de 2 días lectivos** dende a recepción da resolución

# PROCEDEMENTO COMÚN

- **Notificación da resolución adoptada**:
  - a Dirección
  - por escrito
  - ao alumnado ou proxenitores se é menor
- **Prazo**: **1día lectivo** a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor.
- **Remisión**: á xefatura territorial correspondente

# PROCEDEMENTO COMÚN

- **Correccións en relación ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:**
  - impostas pola Dirección do centro
  - poderán ser revisadas polo Consello Escolar
    - a instancia do alumnado ou proxenitores do menor
    - segundo o **artigo 127.f) da LOE-LOMCE** e o artigo 57.d) da LODE para os centros concertados.

**COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR:**

- *Coñecer a resolución, velar cumpran normativa, podrá **revisar a decisión das medidas adoptadas** pola Dirección, a instancia dos proxenitores e **proponer**, no seu caso, as **medidas oportunas**.*

# PROCEDEMENTO COMÚN

- **Acoso**:
  - Arbitrar **medidas para o seguimento dos causantes**, que **impidan a continuación** de eventuais condutas acosadoras.
- **Correcións polo procedemento común:**
  - **Serán inmediatamente executivas.**

# COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

- **Suspensión da aplicación das medidas correctoras adoptadas:**
  - En todos os casos de condutas contrarias á convivencia
  - Cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas
  - **se o alumnado corrixido ou os proxenitores:**
    - **asinan un compromiso educativo para a convivencia.**

# COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

- **Contido do compromiso educativo**:
  - forma **clara e detallada** a que se compromete (alumnado e proxenitores)
  - **actuacións que se comprometen a realizar**: de formación para a convivencia, prevención e modificación conduta…
  - **forma realización**: persoalmente, con intervención de institucións, centros docentes ou persoas axeitadas…
  - constar os **mecanismos de comunicación e coordinación** co centro
- **Incumprimento do compromiso**: implica aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.
- **Concreción e procedemento** de acordo dos compromisos educativos: nas **NOF** do centro.

# PRESCRICIÓN DAS CONDUTAS

- **Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia: 4 meses** da súa comisión.
  - **interromperá** a prescrición a **iniciación do procedemento para a corrección da conduta**, con coñecemento do interesado/a
  - **reiniciándose** o cómputo do prazo de prescrición no caso de **producirse a caducidade** do procedemento
- **Condutas leves contrarias á convivencia**: **1 mes** da súa comisión.
- **Prazo de prescrición**: comezará a contarse dende o **día en que a conduta se leve a cabo**, ***salvo*** cando se trate dunha **conduta continuada**, nese caso o prazo de prescrición non empezará a computarse **mentres non cese**

# PRESCRICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

- Medidas correctoras previstas para as condutas **gravemente** prexudiciais para a convivencia prescriben:
  - **a 1 ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.**
- As medidas correctoras das condutas **leves** contrarias á convivencia prescriben:
  - **aos 4meses da súa imposición**.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. *ACTUACIÓNS PARA AXILIZAR A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS CORRECTORES*

- Xeneralización nos centros docentes da utilización de **medios electrónicos**:
  - Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
  - Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
  - Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

# ESTRUTURA DO DECRETO

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS (9)

- Disposición adicional primeira. *Actuacións para axilizar a tramitación dos procedementos correctores*
- Disposición adicional segunda. *Centros integrados de formación profesional*
- Disposición adicional terceira. *Centros docentes privados concertados*
- Disposición adicional cuarta. *Centros docentes privados non concertados*
- Disposición adicional quinta. *Centros residenciais docentes*
- Disposición adicional sexta. *Protección de datos*
- Disposición adicional sétima. *Garda e acollemento*
- Disposición adicional oitava. *Órganos consultivos*
- Disposición adicional novena. *Órganos de participación*

# ESTRUTURA DO DECRETO

## DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS (4)

- **Disposición transitoria primeira.**
  *Procedementos correctores en tramitación*
- **Disposición transitoria segunda.**
  *Retroactividade das disposicións correctoras máis favorables*
- **Disposición transitoria terceira.**
  *Constitución das comisións de convivencia*
- **Disposición transitoria cuarta.**
  *Adaptación normativa*

# ESTRUTURA DO DECRETO

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA (1)

- **Disposición derrogatoria única.**
  ***Derrogación normativa.***

## DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS (2)

- **Disposición derradeira primeira.** ***Habilitación normativa***
- **Disposición derradeira segunda.** ***Entrada en vigor (20 días)***

# E AGORA, CON TODO ISTO... QUE FAGO??



É moi GRANDE e moi IMPORTANTE a LABOR e o ESFORZO que supón para os EQUIPOS DIRECTIVOS esta encomenda de xestionar a CONVIVENCIA no voso centro educativo….

Pero estou segura que será unha máis das moitas, sustentada na grande profesionalidade que exercedes cada día na comunidade escolar que dirixides….

Simplemente animarvos porque…sempre merece a pena…

# MOITAS GRAZAS

Mª Isabel Barreiro Gundín
convivencia@edu.xunta.es